

«Os nenos da comarca teñen moito talento como actores»

Oito grupos formados por rapaces da zona participarán mañá no Couto na primeira edición das Xornadas de Teatro Infantil, dedicadas á escritora ceense Concha Blanco

M. V.

CARBALLO

Silvia Losada Crende dirixe dende hai dez anos a Escola Municipal de Teatro do Concello de Cabana, á que co tempo sumou tamén a Escola Municipal de Malpica e o grupo da asociación Íntegro. En total, preto de 200 nenos e mozos que con ela aprenden a moverse sobre o escenario e a converterse en personaxes de todo tipo. Amosarán mañá, a partir das 16.30 horas na Casa dos Veciños do Couto, durante a celebración da primeira edición das Xornadas de Teatro Infantil, dedicadas á escritora ceense Concha Blanco.

—**¿Por que están dedicadas a Concha Blanco?**

—Porque é unha muller estupenda coa que temos moi boa relación. Sempre se amosou disposta a colaborar coa asociación Monte Branco e coa Casa dos Veciños e nas funcións das escolas de teatro sempre adaptamos algún dos seus contos. Esta é unha maneira de agradecerlle a súa colaboración e, sobre todo, porque é unha gran escritora de literatura infantil que merece todas as homenaxes posibles.

—**¿Cantos grupos participarán mañá?**

—Escollín oito grupos en

función da dispoñibilidade dos rapaces e farán nove obras de teatro. Serán funcións cortas, pero moi bonitas.

—**¿É difícil ensinalle teatro aos nenos?**

—En absoluto. Eu aprendo moitísimo deles e continuamente me sorprenden. Polo xeral, enriba do escenario dan moito máis que os adultos, divírtense e parece que nada lles da vergonza. Sobre todo os máis pequenos.

—**Tamén é unha actividade moi positiva para eles.**

—Teño comprobado que os que veñen a teatro son dos que mellores notas sacan na escola. Esta é unha actividade



ANA GARCÍA

Losada será a encargada de presentar as xornadas de mañá

que lles axuda a concertarse e aprender a memorizar. O que pasa é que chegados a certa idade, aos trece ou catorce anos, moitos abandonan, porque teñen que dedicarlle máis tempo aos estudos e teñen menos para os ensaios.

—**¿Son bos actores?**

—Moi bos. Os nenos da comarca teñen moito talento como actores. Incluso algúns dos meus alumnos xa protagonizou algunha película ou participou nalgunha serie da televisión. Pero o bo é que, de momento, non o ven como unha profesión.